

Que pasa na Costa

DIARIO DIXITAL DA COSTA DA MORTE



COSTA DA MORTE

CONCELLOS ▼

CULTURA

DEPORTES ▼

NATUREZA

QUE PASA NA COSTA > CONCELLOS > CEE > **MÁIS APOIOS Ó MANIFESTO DE QUEREMOS GALEGO NO CONCELLO DE CEE**

CEE CULTURA

Máis apoios ó manifesto de Queremos Galego no concello de Cee

LORENA MARTÍNEZ · 25 NOV 2015



A asociación de Escritoras e Escritoras en Lingua Galega apoian o manifesto Queremos Galego

Estes días saltou á palestra o uso do galego na administración local de Cee que [se avivou no pleno de onte](#). Despois de que A Mesa pola Normalización puxera en marcha unha [campaña de difusión e promoción do regulamento e promoción do galego](#) foron varias as organización que mostraron o seu apoio. Precisamente onte fíxoo a **asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega – AELG** – que declarou publicamente o seu apoio ao manifesto [Queremos galego na administración local de Cee](#). Ademais fai un chamamento a usar, apoiar e impulsar a nosa lingua propia, lingua en que se expresaron as e os poetas do noso país, algúns deles fillos desa comarca de Fisterra.

“Van alá máis de cento cincuenta anos de afáns para devolver a nosa lingua ao lugar que ocupou e que lle corresponde como única lingua propia de Galiza, tamén recoñecida como

oficial polo Estatuto de Autonomía galego” sinalan dende a AELG . “Somos quen somos por termos criado esta lingua. É por ela que somos recoñecidos como galegas e galegos e así o queremos seguir sendo. É grazas á lingua oral -base da nosa cultura e raíz do noso sistema literario- que desde a escrita nos é permitido transmitir elementos patrimoniais que, de ficaren restrinxidos á vía oral, fariamos hoxe parte dunha xeración moito máis enmudecida” reiteran dende a asociación.

Neste senso, escritoras e escritores galegos reclaman unha potenciación real e efectiva da lingua galega, accións que redunden nunha ampliación do seu uso, medidas que sirvan para que a nosa lingua sexa a lingua en que fale o futuro, garantía imprescindible de supervivencia.

Novas relacionadas